



## BANDO

José Manuel Iglesias Araújo, Alcalde-Presidente do Concello de Maside, FAGO SABER QUE:

O pasado martes, 30 de xullo de 2019, saíu publicado no DOG núm. 143: "**Subvencións dos programas de fomento de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade do plan estatal de Vivenda 2018-2021**".

### LIÑAS DE AXUDAS:

- **Liña A:** Cubertas e fachadas que melloren o illamento térmico; instalación de sistemas de calefacción, refrixeración, produción de auga quente sanitaria e ventilación; utilización de enerxías renovables e illamento sonoro; obras para reducir no interior da edificación a concentración de radón.
- **Liña B:** Conservación da cimentación, da estrutura, das instalacións, de cubertas e fachadas; mellora da accesibilidade (instalación de ascensores, salva escaleiras, ramplas, instalacións de sinalización, elementos electrónicos de comunicación, domótica).

### PRAZO DE PRESENTACIÓN:

- Do **31/07/2019** ao **31/08/2019**.

### LUGAR DE PRESENTACIÓN:

- Asesoramento e tramitación na Oficina Municipal de Urbanismo do Concello de Maside.
- Presentación no Concello de Maside, en liña ou presencialmente no Instituto Galego de Vivenda e Solo (Ourense).

### REQUISITOS:

- A vivenda deberá estar finalizada antes do 1 de xaneiro de 1996.
- A vivenda deberá constituír a residencia habitual e permanente do/s propietario/s, arrendatario/s ou morador/es no momento de solicitar a axuda.

### CONTÍA DAS AXUDAS:

- Será, con carácter xeral, do **40% do custe subvencionable** da actuación sempre dentro dos límites que se indican nos cadros seguintes.
- No caso de que os ingresos sexan **inferiores a 3 veces o IPREM** a porcentaxe poderá chegar ao **75%**.
- A porcentaxe tamén poderá chegar ao **75%** no caso de actuacións de accesibilidade se na vivenda reside unha **persoa con discapacidade ou maior de 65 anos**.
- As axudas básicas poderán incrementarse en **1.000 euros** cando se trate dun **inmable declarado Ben de Interese Cultural (BIC)** ou estea **catalogado**.
- A contía incrementarase nun **25%** cando as persoas beneficiarias sexan **menores de 35 anos**.

### IMPORTE MÁXIMO DAS AXUDAS:

Liña A	Vivenda unifamiliar	Vivenda colectiva
Básica	12.000 €	8.000 €
Familia con persoa con discapacidade	18.000 € / 24.000 €	12.000 € / 16.000 €
Liña B	Actuacións de conservación	Seguridade / Accesibilidade
Básica	3.000 €	8.000 €
Familia con persoa con discapacidade	-	14.000 €
	-	17.000 €

O Alcalde-Presidente do Concello de Maside  
Asdo.: José Manuel Iglesias Araújo